


Durante os últimos anos
asistimos a unha demanda crecente
de información sobre a cultura oriental.
Oriente Exprés nace dunha reflexión sobre este feito
e ten como obxectivo a divulgación das culturas chinesa e
xaponesa na cidade de Vigo e na súa área de influencia, a través
dos aspectos que coidamos máis populares ou rechamantes para
un público amplo e non especializado.

Os eixes nos que se articula Oriente Exprés percorren aspectos
variados das dúas grandes culturas do extremo oriente: a
historia, a economía, as manifestacións artísticas, as linguas,
etc., cuxa esencia queremos transmitir de maneira amena e
rigorosa por medio deste evento.

Con Oriente Exprés, a Escola Oficial de Idiomas de Vigo e
a Fundación Carlos Casares, dentro do seu Seminario
"Vigo: nós e a cidade", pretenden contribuír á
consolidación de Galicia como unha
sociedade aberta e en permanente
relación intelectual co mundo.



ORIENTE EXPRES

Ciclo de conferencias
Escola Oficial de Idiomas de Vigo
20-23 de abril 2009

ORIENTE EXPRES PROGRAMA

Escola Oficial de Idiomas (EOI)

LUNS
20
ABRIL

18:00h Inauguración do ciclo

Con motivo de Oriente Exprés, inauguraránse tamén unha exposición de gravados de Maite Meixide, Leandro Rial e Xabier de Sousa e unha exposición fotográfica de Luis Ocaña.



18:30h CONFERENCIA
Gastronomía chinesa

Luo Jun
Enviado pola Embaixada de China en España.

19:45h CONFERENCIA E DEMOSTRACIÓN
Caligrafía xaponesa

Michiko Hamasaki
Licenciado en Humanidades pola Universidade de Toquio de Artes Liberais e Ciencias. Posgraduado no Programa de Artes e Caligrafía da mesma universidade.



Escola Oficial de Idiomas (EOI)

MARTES
21
ABRIL

18:30h CONFERENCIA
Diversidade étnica e modernización en China

Gladys Nieto Martínez
Profesora da Universidade Autónoma de Madrid,
Centro de Estudos de Asia Oriental.



19:45h DEMOSTRACIÓN
A arte de vestir quimonos

A cerimonia do té
Eiko Kishi
Profesora da Escola Misho-ryu de Ikebana. Licenciada en Psicoloxía e Máster en Humanidades en Xapón.



Escola Oficial de Idiomas (EOI)

MÉRCORES
22
ABRIL

18:30h CONFERENCIA
Unha mirada ao teatro clásico xaponés:
do Kagura ao Noh de Ulick O'Conor

Fernando Cid Lucas
Licenciado en Filoloxía Hispánica e en Teoría da Literatura e Literatura Comparada pola UEX. Director do curso monográfico: Difusión e desenvolvemento da cultura teatral.



20:00h DEMOSTRACIÓN
Caligrafía chinesa

Hsiao-lin Liu
Calígrafa.



Museo de Arte Contemporánea (MARCO)

XOVES
23
ABRIL

18:30h CONFERENCIA
O manga a través da súa historia

Verónica Calafell
Licenciada en Tradución e Interpretación pola Universidade Autónoma de Barcelona. Máster en Relacións Internacionais pola Universidade de Osaka. Especialista na tradución de mangas.



EXPOSICIÓN
Selección de mangas orixinais
Colaboran as librerías Norma Comics, Mazingher Vigo e Esbozos, así como a Asociación Xuvenil Ippon.

20:00h CONFERENCIA
Os mitos do modelo de desenvolvemento de China

Lin Yue
Profesor de Desenvolvemento Social e Económico en China, na Universidade Autónoma de Madrid, Centro de Estudos de Asia Oriental.



21:30h Clausura e convite